

Manifiesto para o 3 de decembro Día das Persoas con Discapacidade



Manifiesto polo cambio da Constitución Española

Hoxe é 3 de decembro de 2021.

É o Día Internacional e Europeo das Persoas con Discapacidade.

Hoxe queremos recordar que a Constitución é a lei máis importante de España.

As persoas con discapacidade debemos vernos representadas nela sen discriminación.

A Constitución actual é de 1978.

Esta constitución é a primeira que nos mencionaba ás persoas con discapacidade.

Dedicounos o seu artigo 49.

E iso foi un paso moi importante.

Pasaron máis de 40 anos.

Ese artigo 49 quedou antigo
e necesita ser renovado.

Queremos que este artigo
cambie o seu contido
e as palabras que se usan nel
porque quedou antigo
e non responde á nosa situación actual.

Por exemplo: chámamos “diminuídos”.
Antes esta palabra era aceptada.
Pero, hoxe en día, é pouco respectuosa.
Por iso, queremos que poña
“persoas con discapacidade”.

As organizacións da discapacidade
levamos anos pedindo este cambio.
Moitas organizacións puxémonos de acordo
e enviamos unha proposta para facer este cambio.

Hoxe, no Día das Persoas con Discapacidade,
pedimos aos políticos e as políticas que nos apoiem
e cambien o artigo 49 da Constitución Española.